

Curso de Monitor/a de Escalada en Rocódromos Galegos 2017

A Federación Galega de Montañismo (FGM) convoca o curso para a obtención do título de “Monitor/a de Escalada en Rocódromos Galegos 2017” para beneficio dos Clubs federados galegos e do deporte da escalada deportiva en Galicia. Este curso será impartido pola Escola Galega de Alta Montaña (EGAM).

1. QUE É E QUE NON É A TITULACIÓN

É unha titulación federativa adicada ao desenvolvemento da escalada de base só nos rocódromos galegos, e sempre e exclusivamente para desenvolver a súa labor ao amparo dun Club federado galego.

Esta titulación non capacita para desenvolver actividades de escalada no medio natural en ningún caso, nin é para desempeñar un traballo profesional por conta propia ou allea, en ningunha entidade pública ou privada, excepto os propios clubs federados galegos de montaña.



2. QUE VIGOR TERÁ A TITULACIÓN

A titulación estará en vigor durante 4 anos dende o momento que os participantes superen o curso, sempre e cando cada ano o Club de pertenza solicite explicitamente a prórroga para cada monitor/a de escalada en rocódromo titulado que abale para traballar no seu Club. Ao remate dos 4 anos o monitor/a titulado/a terá que facer unha reciclaxe para poder prorrogalo.

Unha vez titulado, de non ser solicitado a prórroga polo Club o monitor/a perderá a súa condición e terá que volver a someterse, en caso de que quixera exercer, a un novo curso.

En caso de que algún técnico da Escola Galega de Alta Montaña (EGAM) detecte algún incumprimento das funcións propias de calquera “Monitor/a de Escalada en Rocódromos Galegos” por parte de algún monitor titulado, o/a técnico/a poderá solicitar de xeito motivado á Dirección da EGAM a rescisión da titulación dese monitor/a, que terá que ser confirmada definitivamente pola Presidencia da Federación Galega de Montañismo.

3. SOLICITUDE DE ACCESO Á PROBA DE ACCESO

A solicitude de participación na proba de acceso de cada aspirante maior de idade terá que vir asinada polo interesado/a, e conformada (selo e sinatura do/a Presidente/a) imprescindiblemente polo seu Club federado de pertenza, que será onde desenvolva a súa labor durante os seguintes anos. O prazo para presentar a solicitude de participación na “proba de acceso” rematará ás 23.59 horas do día 24 de marzo de 2017 e poderase solicitar a participación presentando totalmente cuberta a ficha xunta ou escaneada por correo-e a info@fgmontanismo.es ou presencialmente na Federación Galega de Montañismo.

4. SISTEMA DE ACCESO AO TÍTULO DE “MONITOR/A DE ESCALADA EN ROCÓDROMOS GALEGOS”

- 1) O Club debe presentar completa a instancia oficial na Federación Galega de Montañismo, e pagar só a cota de participación da “Proba de acceso”. Deberán vir asinadas polo/a aspirante e polo presidente/a do Club.
- 2) O/a aspirante presentárase fisicamente e tentará superar a Proba de acceso.
- 3) Os/as aspirantes que superaron a Proba de acceso, deberán de pagar a cota de participación, presentarse ao Curso, e superalo.

5. CANTO COSTA PARTICIPAR

A Proba de Acceso custará 30 € (que haberá que pagar a nome do/a deportista na conta da Federación Galega de Montañismo en ABANCA ES20 2080 5104 86 3040016923) e, unha vez superada a Proba de Acceso haberá que pagar o propio Curso que custará 235 €, no mesmo IBAN.

As inscricións á Proba de Acceso farase enviando o formulario xunto totalmente cumprimentado e o xustificante de pago á Federación Galega de Montañismo, antes das 23.59 horas do día 24/03/2017. Só hai que pagar a Proba de Acceso, posteriormente, se se supera esta proba, haberá que pagar o Curso.

6. A PROBA DE ACCESO

Farase o día **2 de abril ás 16** horas no Rocódromo Municipal de Pontevedra (Pavillón Multiusos da Xunqueira, R/ Celso Emilio Ferreiro, 1ª travesía) e poderá durar ata 4 horas.

A esa proba de acceso o aspirante terá que presentarse con material homologado para escalada, incluíndo loxicamente casco.

Cada aspirante terá que facer varios exercicios prácticos que serán puntuados por un equipo de técnicos da Escola Galega de Alta Montaña cun máximo de 10 puntos por cada exercicio.

Os técnicos da EGAM valorarán nesta Proba de Acceso a solvencia en seguridade na escalada, e a capacidade técnica e física de cada aspirante como escalador/a e como futuro/a formador/a de base.

Desenvolverase actividade habitual tanto como escalador como de asegurador, seleccionando o material axeitado, en vías de escalada de 6b para valoración de méritos. Obrigatoriamente terá que encadear a vista dúas rutas de entre 6a e 6b dun total de tres propostas. Nunha destas tres rutas terá que efectuar unha manobra de descolgue pechado.

Sobre os contidos teóricos e prácticos os aspirantes poderán ser avaliados sobre as recomendacións dos fabricantes do material. Ao remate da proba de acceso o Director da Escola Galega de Alta Montaña (EGAM) nomearán aos aptos e non aptos para participar no Curso, e exporá as notas para o seu coñecemento xeral.

7. O CURSO

Este terá unha duración de 50 horas (40 presenciais e 10 a distancia) e poderase faltar un máximo de 4 horas.

O curso está estruturado en dúas fins de semana (cun festivo) presenciais, máis a fase a distancia. As datas da fase presencial son o **29, 30 de abril e 1 de maio, e 27 e 28 de maio.** O horario será de 10 a 14 e de 16 a 20 horas. As sesións desenvolveranse nas aulas, ximnasios e no Rocódromo Municipal de Pontevedra do Concello de Pontevedra, aínda que poderase visitar algunha outra instalación.

O/A aspirante pode perder un máximo de 4 horas totais e nunca durante a proba final obrigatoria.

8. CURRÍCULO DO CURSO

Unidade 1	A Educación Física. Principios da Educación Física aplicados à escalada en rocódromo. Atención á diversidade. Teoría básica do adestramento.
Unidade 2	Lexislación. Marco legal dos deportes de montaña e da nosa titulación.
Unidade 3	Didáctica da escalada. Principios da didáctica aplicados á escalada en rocódromo. Ensinar contidos. Ensinar técnicas. Obxectivos. Deseño de actividades. Introducción de contidos transversais.
Unidade 4	Técnicas de seguridade. Aseguramento dinámico. Progresión. Descolgues. Rápel. Manobras en cordas con tensión.
Unidade 5	Actuacións no rocódromo. Avaliación da estrutura. Deseño de rutas.
Unidade 6	A escalada deportiva en Galicia. Pasado e evolución cara á competición.

9. AVALIACIÓN DO CURSO

A avaliación do curso terá en conta:

- A participación activa nas clases teóricas e prácticas.
- A asimilación dos contidos teóricos e prácticos impartidos de xeito continuo.
- A realización dunha programación didáctica de escalada
- A superación da proba final (obrigatoria), e nela valorarase a adecuación aos criterios de seguridade e didáctica desenvolvidos durante o curso; entre elas serán as seguintes:
 - o Explicación dun ou varios contidos dos vistos durante o curso.
 - o Explicación dunha ou varias manobras do contido do curso.
 - o Execución dunha ou varias técnicas de seguridade do temario.

Por cada alumno/a terase que facer unha programación dun curso de escalada axustada aos criterios EGAM.

Cada alumno/a poderá faltar xustificadamente ata un máximo de 4 horas presenciais.

Ao remate do Curso o Director da Escola Galega de Alta Montaña (EGAM) nomearán aos aptos e non aptos, e exporá as notas para o seu coñecemento xeral. As persoas que non superen a proba final do Curso terán unha segunda oportunidade nun prazo de 15 días dende a comunicación da non superación.

10. CONVALIDACIÓNS

Calquera módulo da formación do propio Curso pode ser susceptible de convalidación, previa solicitude á coordinación do Curso no correo-e cantil@gmail.com e sempre presentando a documentación axeitada que avale a demanda, e sempre antes do inicio do propio Curso (non da proba de acceso).

FICHA DE INSCRIPCIÓN NA PROBA DE ACCESO PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE “MONITOR/A DE ESCALADA EN ROCÓDROMOS GALEGOS 2017”

DATOS DO/A ASPIRANTE

Eu _____, con DNI/licenza federativa _____, Club de pertenza _____
Data de nacemento _____ Correo-e _____
Teléfono móbil _____ Teléfono fixo _____ C.P. _____
Localidade _____ Enderezo _____

SOLICITO participar na Proba de acceso do curso para a obtención do título de “Monitor/a de Escalada en Rocódromos Galegos 2017” nesta edición, e para que conste o asino en _____, ____ de _____ de 2017

Asdo. _____

DATOS DO/A PRESIDENTE/A DO CLUB

Eu _____ como Presidente/a do Club _____ abalo a solicitude do/a anterior aspirante para presentarse á Proba de Acceso do curso para tentar acadar o título de “Monitor/a de Escalada en Rocódromos Galegos 2017” e poder desenvolver en beneficio do deporte da escalada deportiva en rocódromo en Galicia e do noso propio Club, e para que conste o asino en _____, ____ de _____ de 2017

Asdo. _____

A/A DO PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO